



CICLO DE CINE NA RÚA PROXECCIÓN DE "SICA"

de Carla Subirana

"Proxección promovida por @vicedeplugo dentro co ciclo #CinenaRúa"

XOVES 24 DE AGOSTO DE 2023 - 22:00 horas

NO PARQUE ROSALÍA DE CASTRO DE VILALBA

CINE NA RÚA
Deputación de Lugo

VILALBA

Parque Rosalía de Castro

Xoves
24 de agosto

22:00 h

"Proxección promovida por @vicedeplugo dentro do ciclo #CinenaRúa"

Entrada libre ata completar aforo

IESCHA
GOBERNAMENTO DE LUGO
Cultura
INFO: www.cinenarua.com

CINE NA RÚA.com

O Instituto de Estudos Chairegos (IESCHA), participa no CICLO DE CINE NA RÚA convocado pola Área de Cultura-Vicepresidencia da Deputación de Lugo, coa proxección ao aire libre da película **SICA** de Carla Subirana, que terá lugar no **PARQUE ROSALÍA DE CASTRO DE VILALBA** o **xoves 24 de agosto, ás 22:00 horas**, con entrada libre ata completar aforo.

SICA

Sinopse:

Sica (14) está obsesionada con que o mar devolva o corpo de seu pai tras un naufraxio na Costa da Morte, Galicia. Mentres percorre os cantís coñece a Suso (15), 'o Cazatormentas', un mozo raro coma ela que agarda a chegada de Ofelia, a nai de todas as tormentas. Sica investiga as circunstancias do accidente e adéntrase nunha dolorosa viaxe de descubrimento.

Aos seus ollos, a vila mariñeira onde ela medrou, marcada pola brutalidade do seu océano e o crecente desequilibrio da Natureza, xamais volverá a ser o mesmo.

FICHA TÉCNICA

Dirección: Carla Subirana **Reparto:** Thais García, Nuria Prims, Marco Antonio Florido, María Villaverde, Lois Soaxe
País: España **Ano:** 2023 **Xénero:** Drama **Guion:** Carla Subirana **Duración:** 91 min. **Idade:** 7+

RECOÑECEMENTOS:

Festival de Málaga: Sección Oficial de Longametraxes a Concurso

Festival Internacional de Cine de Berlín (Berlinale): Sección *Generation*

Festival Internacional de Cinema de Barcelona (BCN Film Fest): Película de Clausura

"(...) **Sica** supón o debut na ficción da directora barcelonesa Carla Subirana (Nadar, Kanimambo, Volar) e rodouse integramente na Costa da Morte e en galego, en convivencia coa lingua catalá. O filme, protagonizado polos actores debutantes, adolescentes da zona, Thais García Blanco, Marco Antonio Florido e María Villaverde, xunto a actriz catalá Núria Prims, conta a busca que leva a cabo unha rapaza de 14 anos, obsesionada con que o mar devolva o corpo do seu pai tras un naufraxio.

O filme rodouse na Costa da Morte, onde, segundo conta Subirana, "as correntes mariñas son mortais. Hai documentados máis de 600 naufraxios nesta zona, o que a converte nunha das costas máis perigosas do mundo. A furia do mar fai dela unha sepultura xigante e, segundo contan as lendas, as almas dos mariñeiros poden oírse polas fendas da terra. Sica busca obsesivamente a voz do seu pai nun gran buraco ao pé do mar, a Furna das Grallas".

En palabras da directora: "A Natureza é outra protagonista en Sica. O vento, o mar, as ondas... manifestan o seu propio estado de ánimo, co temperamento único que ten o océano nesta costa. As personaxes amósanse pequenas e temerosas ante a chegada do furacán Ofelia. Como di Suso o Cazatormentas, Ofelia é a nai de todas as tormentas, pero só nos está avisando: despois dela virán máis, e distintas ás de antes. Sica é un berro de auxilio ante a crise climática." (NÓS DIARIO, 12-05-23)